


Núm. 117

Tomo 10

# nÓJ.



Direitor Literario  
Vicente Risco

BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Artístico  
Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

SANTIA O

---

ABONAMENTO

Doce números, na Peninsua	6'00 pesetas.
Fora da Peninsua	8'00 >
Número solto	0'70 >

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

NOTA

SUMARIO

POEMA, por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMENTO GALEGO, por FRANCISCO F. DEL RIEGO.

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS.—V. A TERRA DE LOBEIRA, por FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS e XURXO LORENZO.

ARQUIVO FIOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV      ★

Ourense 15 de Setembro de 1933

★

Núm. 117

P                O                E                M                A

Por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

*Ao mencer lavaban as leiras  
os cómaros verdes no río:*

—A mañán meniña vaise casar  
cun viento aventureiro  
que ven da banda do mar.

—Ai que galán o viento aventureiro.

—Nos seus brazos xa morreu unha tardiña namorada.  
Enterian-a as carballeiras  
no utaíde pequenijo dun cantar

*Ao medio día estendían as leiras  
os cómaros verdes ao sol.*

—I-ela é tan nòviña!  
Nos seus ollos inúa lèva a noite.  
E as suas mans tén-as esquecidas  
todas cheias de canseiras  
e luiñas brancas sin acios.

Para o seu veu de noiva  
vendéralle as lórias a renda rizada.

Nos bazares da lua  
mercóu a seda esluada.

Nos tenderetes da aurora  
mercóu pañños de sol.

*Á tardiña gardaban as leiras  
os cómaros verdes na sombra.*

# Índice cultural e artístico do Renacemento galego

Cecais por vez primeira a mocidade descoñecida ocupa unha tribúa que consagraron figuras insíñes da nosa cultura. Pero eu debo decirvos que ao vir a ela, pra colaborar n-ista xeira de conferencias tan felizmente iniciada non o faigo cun dereito que a erudición e a experencia me houbesen dictado, sinón coa forza do sopro instintivo que respalda o temperamento e a intuición dun mozo universitario da Galicia nova, disposto a deixar ouvir a sua voz trémula, despois das lucubracións sosegadas e fondas dos conferenciantes que por aquí desfiaron. Veño a falarvos dun tema amprísimo, e quero chamarvos a atención e previrvos contra dalgún posible prexuicio: eu non veño eiquí con unha laboura de crítica, sinón con unhos breves comentarios, con un noticieiro informativo, que me impoñen necesariamente a miña cativa capacidade científica e a desproporción do tempo en relación coa amplitud do asunto. Eu pretendendo desenrolar n ista noite un «Índice cultural e artístico do renacemento galego» e penso que a mesma forza apostólica do Tema, cubrirá a moitedume de deficiencias que inevitablemente terán de se producir ao longo d-ele. Velehi como n-iste filmófono que vai a perfeitamente diferenciadas poden estar xunguidas por unha fatalidade do seu siño histórico, poden constituir un mosaico de pobos vivindo dentro dun Estado armoñoso que en troques de estrangular sistemáticamente as suas diferencias particulares, as respete e ainda as fomente i estimule. Pro en canto aos probremas da sua cultura, cuia raizame xurde das mais fondas encrucilladas da i alma das razas, xa esta unificación non é posibel. Falar da cultura hespañola dun xeito unitario e ausoluto, sería unha afirmación sin senso ninrazoamento. Pero é que xa dende o século XVI cando se fala de literatura hespañola, fálase na realidade de literatura castelán como si a hexemonia e o imperialismo antipático de Castela, ao mesmo tempo que impuña as suas desditadas normas políticas, se houbase apoderado tamén da ialma dos pobos de Iberia. Hespaña no desenrolo da sua vida cultural recababa a adhesión de terras peninsulares que adoitan como propia a idea hispánica de orixe castelán. Identificados coa enriquetaban o seu patrimonio artístico literario dentro d-unha política de asimilación. Mais sempre, frente á cultura que xurdiu da expansión do núcleo matriz Castela León, ergueronse outras que como a portu-

ser a miña disertación, soio atoparedes unha boa fé pra vos suscitar o aprendizaxe de algunas cousas novas e a lembranza de outras xa sabidas.

A lei da estreitura natural da sociedade humán —ten dito Prat de la Riva— é a lei das nacionalidades: E o feito das nacionalidades é tan vello como a lembranza do mundo perpetuado pol-a historia. Jaurés afirma que «as nacionalidades son grupos históricos que teñen conciencia da sua continuidade e da sua unidade». Estas nacionalidades



(DIBUXO DE MASIDE)

guesa, como a catalana e como a galega tiñan un posto prominente no mundo das culturas. É verdade que co esplendor das letras de Castela no século de ouro as outras literaturas somellaban mortas e fallas de alento, pro tamén é verdade que a sua razón, atopábase no verse privadas sistemáticamente das suas propias linguas e obrigadas a adoptar outra distinta que tiña de facer de vehículo artificioso dun espírito diferente e alleiro.

Non embargantes, aquelas culturas, aquelas formas do espírito, afogadas pol-o balbordo dos sucesos políticos alleos á sua esencia, que se ollaron interrumpidas na sua marcha cara á cumiación, habían de rexurdir puidentes e con novos azos, cando someillaban mortas. Max Weber falando do crepúsculo da cultura antiga, escribe que o despotismo tivo que afogar e oprimir en certa medida, psíquicamente, ao home antigo, a sua vida pública, a sua cultura... A vida espiritual de Oicidente sumiuse, asín, en longa noite. Mais a sua caída lembra a aquel xigante do mito helénico que recobraba novas forzas cando tocaba o seio da nai terra. Na Edade Meia o vello xigante rexurdiu dotado de nova força i erguéu o legado espiritual da antiguedade á luz de unha moderna cultura. Do mesmo xeito as culturas peninsulares ibeiras desfeitas despóticamente no século XV voltan no XIX e no XX a alumear con fito de epopeia os ronseles da cencia universal. Voltan criando formas novas, con enerxías insatisfeitas, sementando as suas inquedanzas de traballo, ceibes xa de fórmulas imperiás veciñas sempre da decadenza, sobre todo nos eidos do espírito.

E niste senso é quizabes a cultura galega, a que adequire más relevancia, porque a sua historia artística e filosófica era un precedente grorioso que non contrastaba co seu forte despertar romántico dos derradeiros tempos. De estudo concienzudo do pretérito pra fixar tedolos aspeitos da nosa persoalidade. De avivamento do espírito do medioevo. Porque o romanticismo, en certo modo, é eso, un renacemento de algúns principios e formas medievás como o Renacemento o fora da civilización greco-latina. Anque nin un nin outro teñen por base un retorno a unha antiga civilización. E si a palabra romanticismo define ben a época da civilización a que se aplica, non é tanto pol-a definición literal, que corresponde á base da época pasada que procurou, como pol-o senso sentimental que a verba adequiriu. Mais deixando á beira istas divagacions, compre citar anque soio sexa de esguello, os nomes e as figurás de aquela tradición mais antiga da nosa psicoloxía no filosófico e no artístico, de aquela tradición que marca e inicia con Prisciliano unha doutrina panteísta e antidogmática en pleno século IV, escontra do poder oficial da Igrexa na Hespaña, que lle fai morrer heroicamente por non renegar da crara luz que ardia no seu cerebro de galego humanísimo. Que logra no XVII co célebre tratado «De Quod nihil scitur» de Francisco Sánchez adiantarse a Kant e a Descartes, cando a loita antre as ideas medievás e as do Renacemento abriran motivos de discusión. E que culmina no XIX con Feijoo, co seu «Teatro Crítico» coas suas «Cartas eruditas» en que a ironía, o humor e o escepticismo sinalan as bases psicolóxicas da superior vida mental do pobo galego. É con el e con Sarmento con quen se comenza nas cencias críticas e filosóficas o regreso dos sabios galegos ao estudo da sua terra natal.

No artístico, son os cancioeiros a más xenuina representación da alma popular, a mais antiga tradición da arte do pobo, en que a sentimentalidade alterna co senso intuitivo da paisaxe, a intimidade do poeta, coas couzas que o arrodean, as cantigas de ledino e romería coas chamadas Tenzóns d'amor. Son as voces poéticas mais exquisitamente delicadas que xurden das fonduras dos séculos, XII, XIII e XIV. Cando Compostela, fiel das estradas de Europa, n'aquel tempo, era o punto de contaito entre aquela maneira lírica e as correntes vindas de fora. Era o centro focal que soupo impôr, co seu domínio espiritual sobre as terras percorridas pol as longas estradas da romaxe, a nosa lingua, deixa lograr que compartise coa provenzal a hexemonía poética do Oicidente románico. Era o campo, onde xurdían doulos feitos cumes na historia das artes: a escola escultórica de Mateo e a escola literaria dos Cancioeiros, respondendo a un tempo ao seu caráter ecu-

ménico e á sua posición verdadeiramente creadora na cultura galega. E así a nosa poesía de tanta prestancia lírica pódese decir que é precursora da castelá en todo canto tén de sentimento e de finura deica antes do Renacemento. Tén tan forte suxestión pra nós, que a sentimos inmorredoira e fondamente temperamental nas xanelas do tempo. En Airas Nunes, en Bernal de Bonabal, en Martín Códax, en Gómez Charino, en Macías de Padrón que morreu de lexendarios amores, como tiña morto, trés séculos denantes, Egas Muñiz....

\* \* \*

A unificación das distintas nacionalidades ibeiras e o predominio da hexemonía castelá, apaga a lumieira da nosa cultura, afoga a nosa groriosa lírica, e Galicia perde o mais intresante da sua fisonomía. Iniciase a decadencia. Unha literatura xenreirosa dispara contra de nós todolos pulos da sua vileza. Entra na nosa terra con ár de imperio e de despotismo, a lingua e a cultura castelán, logrando un relativo trunfo que non conquiri desfacer os derradeiros restos do noso espirito. Nin logróu a entrada en Galicia do góticu, nin do mozárabe, nin do mudéjar. Proba da resistencia da nosa cultura contra as forzas contrarias que a toda hora trataban de esborrallala.

E logo xa nos fins do XVIII e comenzaos do XIX cando o despertar das enerxías galegas atopou eco naquelas loitas liberadoras, xurde un anovamento romántico nas nosas letras, que volta de novo ao noso idioma nun lengaxe poético, i escribe nil a sua «Alborada» Nicomedes Pastor Diaz, o máis romántico, o romántico por definición da lírica castelá. I emprégao o autor de «Recordos da infanzia», Añón, capitán da Estadea, que rubía as costas do Porto, falando da patria e do porvir con Faraldo e Romero Ortiz. E usao Aurelio Aguirre que con Pondal ergueu no Banquete de Conxo o seu berro de revolta. E toda «a coral variada dos poetas d-iste século, que sentiron o estralar puidente da silva dos pobos, da étnica adurmiñada, do senso do abrente, epopeíco, sempre esperto na ialma das linguas e das xentes asentadas nas veigas e nas encostas da Europa. Dos poetas que intentan compoñer a figura da Galicia, recriada a potencia que no vinte se volta aitualidade, e refacer a sua cultura: latexar de lume oicidental eisposto aos ventos do mundo». É daquela cando a poesía galega volve a chamar a atención do orbe, encarnada nas suas tres figuras cumios: Rosalía, Curros e Pondal.

*Rosalía de Castro*, alma delicada de muller que chora e canta polos mesmos motivos que cantan os paxaros e se abren as froles. Rosalía a cantora inmortal, era un corazón armoñoso, cheo de resoancias. Rosalía que debutara en Compostela ante un vô de pombas e de folliñas azúes con versos románticos, despois, ao terse axitado a vida do seu espirito nas modas de fora e na reflexión do enxebre, viviu a door da sua raza e viviu a door da sua vida. «Follas Novas», «Cantares gallegos» ainda resoan nos nosos ouvidos, como resoan os versos «de lume do poeta que viu a sua soma errante, na orela do mar, como unha tola baixo do pasmo da noite». «Na frente unha estrela – no bico un cantar».

*Curros Euríquez*, pol-a contra, apostrofa coa cabeleira axitada por todolos ventos revolucionarios. Curros dá un matiz de rebeldía á nosa lírica, e fulmina e condena en versos de axis avanzadas. Curros, como denantes Añón e despois Lugris Freire e Cabanillas e Taibo, tunde a tralazo limpo os lombos dos opresores.

*Eduardo Pondal* é a lira de ferro. O grandioso misántropo que vive frente ao mar na costa brava, cantando as rocas e as olas nun halo de misterio e perpetuidade. Pondal é da raza de aqueles poetas que gardan un ecoar salgado do Atránteco. Todos fillos da grande familia espiritual dos Fisterres, da familia cósmeca i eterna, da úneca que guarda un ollar sinxelo e creador baixo das mais diferentes e compretas culturas. Pondal, poeta atránteco como Leconte de Lisle, que paseando a pé pol-a Armónica co pintor Theodoro Rousseau, estivo a piques de morrer sorprendido pol-a marea ao pé da célebre peuedía do Monte Saint-Michel. Como Tristán Corbiére, tamén outo e soilo. Como Lois Tierce-

lin o xefe do movemento literario celto-bretón nos derradeiros anos do XIX, como Théophile Feret, como Le Goffic. E na nosa literatura, denantes Martín Codax, o cantante das «Ondas do Mar de Vigo», e despois, nos nosos días, Manuel Antonio e Blanco Amor. En todos eles, nos ameneiros das suas estrofas, brúa o ár do Atrántico recollido no horizonte misterioso do Océano Oidental.

E chegamos xa aos preludios do noso tempo. Galicia amostra o espeitáculo multi-forme e rico en suxestións dun renacemento totalista e integral. O movemento escomenzado pol-as Irmandades da Fala atrae sobre todo aos estudantes e aos mozos con devoción literaria e por toda a nosa terra se extende a emoción nacionalista, unha emoción que apreixa integralmente todolos aspeitos da vida galega. Os espertares nacionás alumearon os diferentes manantiás da nosa vidualidade: a lingua e o estilo, o senso filosófico e o esforzo ledo do traballo, do agro e da mar. Galicia coñece a esencia do seu espírito e faino frolecer en todalas suas variadas direcións.

Aparecéu a i-alba d-unha xeneración. Agromaron en abril de sensibilidade tanteos dun tempo cego que aspiraba a atopar a sua luz propia, apalpando mentres cun caxato de inquedanza. E ista xeneración é a que fai posible a gran laboura a realizar, porque son homes da chamada cultura que souperon casarse co ser galego, e tiña que resultar o tipo superior, o verdadeiramente home da cultura.

Vese con craridade, certeiramente a atinada frase de Ortega y Gasset: «Desgraciada a raza que non fai un outo na encrucillada enantes de proseguir a sua foita; que se non fai un problema da sua propia intimidade; que non sinte a heroica necesidade de xustificar o seu destiño, de emborcar craridás sobre a sua misión na historia; porque ningúen pode orientarse no universo senón a través do diverso da sua raza, xa qua vai acochado n-ela como a pingota de auga na nube viaxeira...»

Todo elo tivo prasmación na práitica, e púbricasse *A NOSA TERRA*, órgao do periodismo novo, donde tantos poetas mozos se deron a coñecer. Logo aparece a revista *NÓS*, revista de cultura que nos honra e prestixia, lida en Francia, en Alemania i en América, que establece un grande e comprensivo intertroque espiritual antre os nosos irmáns portugueses e irlandeses e que aporta en cada un dos seus números, un tesouro de coñecimientos ao acervo da nosa cultura. Despois aparece «Céltiga» no Ferrol, que acomete por vez primeira a publicación regular de novelas cortas en galego. «Alborada» en Pontevedra. «Libredón» en Santiago. «Lar» na Cruña, e «Follas Novas» da que soio saiu un número c-unha escolma de versos de Añón. As correntes mais avanzadas da cultura universal, volcan a sua xenerosa inquedanza n ista corrente puxante e varia da mocedade galega de hoxe, e a nosa endocultura dá a cotío as suas frolacions orixinás.

«Somos Europa. Traballamos no cerne da Europa misma. Do mesmo xeito que os picos dos canteiros picando a pedra celta deron no barroco unha forma ao espírito galego e ao espírito europeo».

Pero asin como o movemento do século XIX se caraterizou pol-o seu senso lírico ancesioso de liberación e somentes se preocupa d-ise soio aspeito da nosa cultura. Ago- ra pol-a contra, seguros xa dos nosos destiños, o espírito nacional manifestase en toda a sua efectividade vital. Cultívanse todal as ramas do saber. O nacionalismo galego, que mais que un movemento político é unha xeira de postulados de cultura dá coa sua formula integral. Da poesía pasou á prosa, meteu-se na política, faguéndose carne na literatura, na pintura, na música, na escultura, no ensaio, na filosofía, no folklore, para chegar incruso a impôr novas interpretacións do económico e novos meios de conducta no mundo das finanzas, nas esferas do insiño e no terreo do agrarismo.

Mais como dí Viqueira, «así como Teixeira de Pascoaes atopou na i-alma de Portugal como elemento predominante o lírico, na i alma de Galicia, mais próxima a illa do que se coida, tamén se atopou como principal elemento iste lírico». O lírico é un motivo esencial da nosa i-alma. Lírico é algo más que fonte de poesía lírica. Afirma-

se por eso a eisistencia dun caraiter lírico. E iste é, en xeral, o noso caraiter en todolos tempos da nosa historia. Por iso n-iste movemento aitual, pesie o seu senso polifacético, predomiña nil e adquiere enorme relevancia, debido a aquelas razóns, o sentido artístico puro na sua produción cultural. O outo expoñente de poetas, de pintores, de escultores, de músicos, así o acredita.

## MOVIMENTO LÍRICO

Estamos asistindo a un claro, magnífico movemento revolucionario lírico que nos pón en frente de todolos camiños da Europa, asinalándonos un posto prominente na gran sinfonía en que se xuntan as voces espirituás e artísticas de todolos pobos. Ista xornada lírica foi preludiada xa con duas figuras señeiras, que percorreron roteiros distintos e opostos na leira dos acios da renacencia: *Cabanillas*, o vicario do bardo Pondal, o enorme e delicado poeta chamado da Raza, voltador tamén dunha época rebelde, pra escribir maravilloosas «sagas» basadas en lendas americanas que tiveron lexendaria atinxencia no lexendario do noso país. E *Noriega Varela* apellidado «Poeta da Montaña», cantor das cumes labregas de Mondoñedo, poeta das froles do toxo e das xestas, o lírico da urze e da abedoeira, que sabe dos carreiriños brañegos antre espiñas orballadas, e das noites de luar, e das noites pechas de inverno, e da ledicia do lume beilando na lareira, a ledicia parva e sinxela das fogueiras de San Xoan. Noriega e Cabanillas son os dous grandes poetas que preceden ao gran ciclo xuvenil da poesía galega contemporánea.

Vou intentar analizar dun xéito mui someiro aos principás representantes d-iste ciclo e pra unha maior facilidade agruparemos en catro grupos, constituidos d unha maneira subjetiva e cáxeque arbitraria, sin encadramento definitivo de todos iles nos agrupamentos respeitivos, anque poda haber unha aproximación relativa.

*Poetas creacionistas non gongorinos, que anteponen a selección de matices á selección de imaxes e veñen dos creacionistas franceses de 1933, de Divoire, de Vildrac, de Jean Cocteau...* Podemos considerar antre iles con todo o que tén de relativo este enmarcamento, a: *Manuel Antonio*, o mariñeiro poeta pra quen o veleiro e o pailebote son semáforos de suxestións, coñecedor do lengaxe técnico das cousas do mar, sírvelle pra descubrir en admirábeles metáforas as suas relacións estéticas. Manuel Antonio co seu incomparable libro de versos «De catro a catro» incorporou dun xeito definitivo as novas correntes literarias á poesía galega.

*Alvaro Cunqueiro*, o poeta mozo, que máis está dando que falar na aitualidade. No espazo dun ano leva xa publicados tres libros: «Mar ao Norde», «Poemas do si e non», «Cantiga nova que se chama Riveira», que marcan tres tonos diferentes no seu inusitado temperamento poético. Cunqueiro panrealiza o seu sentimento máis íntimo, e o que parece raro, ás veces casi romántico en todalas cousas. Na primeira obra amóstrase descravado, xeométrico, en prismas de cristal. Na segunda aparez xa desfeito en todalas cousas. O prisma rompeuse en vidrios escintilantes. Nas cantigas anda a xogar con espellos rotos, coa luz, a iluminación propia dos cancioeiros, que adquiere nil unha soltura, unha beleza e unha axilidade extraordinarias. Escoitade sinón, aquela que dí asín:

No peteiro do luar  
nasceu a erba mollada  
ai sil  
Segouna con vento limpo  
a risa nova da i alma  
ai non!

(Continarse)


# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

NÚM. II—O COTO DA XULLEIRA

(*Proseguimento*)

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lobeira e parroquia de Santa Cristiña de Montelongo.

O coto da Xulleira non é máis que un espolón, proyectado cara ocidente, pol-o pequeno macizo montesio, onde se asenta o castro da Coroa que vimos de describir. Alcóntrase pol-o tanto máis baixo que il e si-




tuado á beira do lugar que sirve de cabeza á freguesía. A eirexa parroquial, que á pesares de ser moderna, aparece rigurosamente ourentada, áchase costruída no lado do leste da plataforma terminal da acrópole, dende a coal divisase pol o leste e suleste o castro da Coroa, pol o oeste a valgada de Montelongo e o monte das Motas, pol o norte a liña de ouieiros da divisoria co río Cadós e pol o sul e suloeste a cunca do Limia medio e as serras que a flanquean e fan a raia con Portugal.

*Defensas.*—Resulta imposible o intentar unha reconstrucción aprosimada do sistema defensivo d'este castro en cuio interior erguese, á más do templo parroquial e de unha casarella, que nos pareceu destiñaña á palleira, unha colección de valados e de arribadas que o cruzan en varias direicións e que sirven pra separar os eidos en que está dividido o monte.

Non se perciben por ningures restos de parapetos. Na cima da acrópole eisiste unha área ben aplañada disposta darredor de unha penedra, e que remata n un terrapré de

1 á 17 metros de alto, seguindo despóis outra terraza xa encostada, visíbele sobre todo pol-as bandas careadas dende o noroeste ó sul, precipitándose logo ás ladeiras do coto, que son moi pinas, e que teñen unha altura de 40 á 70 metros, deica iren morrer á un camiño que da a volta pol o pé do castro, achegado á il en todolos seus lados, agás nos do norte e norleste. Á beira d'este camiño e pol o sul e suloeste, observase unha excavación de dous metros de ancho, que pode ser interpretada como vestixio d'un foso.


Descansaba, sen dúbida a forteza do castro da Xulleira na sua especial topografía, ben disposta pol a natureza pra resistir un ataque e as defensas habían acumularse no leste e norleste que é por onde o espolón que forma o coto se axunta ó macizo de que depende. Pode vérense ainda n'estes lugares un terrapré medio derrubado de 5 a 17 metros de alto. As outras obras, que coidamos tiveron que eisistir e de xeito particular o



foso, elemento obrigado na arte militar dos castros pra protexer os recintos emprazados en espolóns nos sitios más doadamente espunábeles, é seguro que despareceron ó edificárense a eirexa parroquial e a aldea que a circunda. E direr os ainda en confirmanza do noso suposto que a única porta do adro está aberta na banda do nacente, que oxe como n'outrora é a que ofrece millor entrada,

sendo de ver que por tal causa se cegaran fosos e achairan parapetos co obxecto de facilitar o acceso das xentes ó templo.

*Mensuras.*—Por confundirse nalgúns lu-



gares a terraza esterior cas ladeiras do monte non é doadoo o precisar medidas. Damos así e todo como aprosimadas as seguintes:

*Observacións.*—A totalidade do castro áchase cuberto por cultivos e por un mato mesto que nos impediron non soio a precura de cerámicas e de outros obxectos, senón tamén o comprobarmos a existencia de restos de caspas de pedra.

Como denantes dixemos, considera Diaz Sanjurjo ó coto da Xulleira como un posibele posto avanzado da Coroa de Santa Cristiña, ca coal quedaria unido por un camiño coberto. Disentimos do parecer do antigo e lembrado membro da Comisión de Monumentos de Ourense, pois o camiño á que il se refire soio pode considerarse como cuberto n'un curto anaco que vai por baixo da Xulleira e noutro trozo pouco máis estenso que se alcontra perto xa da Coroa, anque sen conexión visible con ningunha das suas defensas (fig. 2). O

restante de tal vieiro non ofrece a menor proxección e continúa en dirección distinta empalmándose n'il os dous trozos cubertos.




FIGURA 2

Camiño cuberto ó pe da Coroa de Santa Cristina. Á esquerda vese a carreira con que empalma e á dereita un seudeiro que morre ó pe da Coroa

Do norte ó sul. . . . .	83 metros
Do leste ó oeste. . . . .	52 metros

Ó noso xuízo trátase pol-o tanto de dous castros independentes, sendo así e todo posí-

bele que a congostra cercana á Coroa formara parte de algunha entrada, ligada ós fosos por medio de un dispositivo do que non quedan agora restos.

*Folk-lore.*—Non podemos acadar ningún por terse desprazado quizais as lén-

das de iste castro ó veciño da Coroa

*Bibliografía.*—Non ten outra que a mencionada de Díaz Sanjurjo, *Op. et loc. cit.* no castro da Coroa.


(Catalogado por Xurxo Lourenzo e Florentino López Cuevillas).

### Número III

#### O C R A S T O

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lobeira e parroquia de Fraga.

Ocupa un outeiro, cuyas ladeiras caen en parte sobre a corrente do Avedela, e queda situada na costa da serra do Leboreiro, a un



kilometro da Fraga e a 2 e medio de Parada (Lamina II). Alcontrase arrodeada pol-o norte, norleste, oeste e noroeste por un duro paisaxe de montaña, abrindose o horizonte no sul por onde se avista a baixada do val do Avedela e no fondo as alturas da raia de Portugal. Na banda do sul desexgase primeiro o monte das Motas, logo a cunca do alto Limia e no cabo os perfis característicos do pico da Aguioncha e da serra de Larouco.

*Defensas.*—Ocupa unha boa porción da plataforma terminal do outeiro unha estesa pedra de pedra de gra que cae sobre de unha terraza aplanada visible, de xeito principal, nos lados do norte e oeste baixando despois as ladeiras do monte con pendente brusca deica a corrente do Avedela que se cingue ó pe do castro por todal-as bandas, agás na do sul onde unha especie de istmo faia unión co resto da serra.

Fora da terraza atrás mencionada non se observa ningun vestixio de fortificación, sendo de notar a ausencia de obras defensivas


no lugar en que o río deixa de servir de foso natural a acropole, que por iste lado non ten outra protección que a que podería proporcionarlle a penedia que o coroa.

Tratase pol-o tanto de un emprazamento típico en espolon, naturalmente forte no coal é posibele que as defensas artificiales se reduxesen a empalizadas ou valados lixeiros que non deixaron sinal da sua existencia.

*Mensuras.*—Comprendendo nos dous eixes a terraza e o grupo de penedas mede a plataforma do castro:

Do norte ó sul. . . . .	80 metros.
Do leste ó oeste. . . . .	70 metros.

*Observaciones.*—Non se ven por ningures alicerces de casarellas nin alcontramos tan pouco, apesar de unha vigorosa rebuca,



cerámicas nin outros obxectos arqueolóxicos, vendose soio en toda a superficie do castro, unha grande cantidade de pedras soltas, procedentes do labor dos canteiros que teñen arrigado cachote e perpiaño na penedia do cume.

*Folk-lore.*—O de iste castro semella terse trasladado deica uns 70 metros de distancia, augas abaixo do Avedela. Hai alí e a beira mesmo do río unha peneda chamada a Porta do Mouro, onde se localiza unha lenda que

nos foi referida por un veciño da parroquia de San Xés, cuio nome é Martiño, e que vive no lugar de Cenderiz.

A lenda é como sigue:

«Na Porta do Mouro hai moito haber e de il sabian o meu abó e outros endividados que de unha vez o foron desencantar levando consigo un crego e mais un «Ciprianillo».

«Chegados ó sitio riscaron un círco no chan c-unha cruz no medio e metérонse den-


grandísimo que a cabeza pasaba por riba dos cotos mais altos».

-- «Que queredes de min, perguntou.

— «Queremos que nos dea da sua riqueza dixo un».

— «Se queredes diñeiro ide por il as casas do rei, que o que teño é meu e non vol-o dou».

«O fin e a poder de moito porfiar, conven-cérono de que lles dira algo, mais puxo de



tro, e despois o crego fixo no ar unha cruz en cada vento e desconxurou pol o libro. E non ven rematou de desconxurar veu do penedo unha grande voz que dixo:

«— De que forma queredes que saia?»

«Un dos presentes, que acababa de chegar do servicio, contestou».

— «Saia en forma de militar».

«E apareceu un soldado grandísimo, tan

condición que lle habían traxer un año, branco de todo e sen lixo ningún».

«E como iles andiveran a rifar sobre de quen tiña que ir ó pobo pol-o año ouviuse un trono que fixo tremer a terra, escureceuse a luz e desapareceu o xigante».

*Bibliografía.—Inédito.*

(Catalogado por Xaqin e Xurxo Lorenzo e Florentino López Cuevillas),


## Número IV

## O COTO DA VILA

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, concello de Lobeira e parroquia de San Vicente de Lobeira.

Costruido nun monte de grande estensión que pol-o norte, noroeste e oeste cae sobre do río Avedela. Dentro do recinto castrexo


*Defensas.*—A más das costruccións de que xa falamos ocupan o coto da Vila terras precuradas e soutos e a sua superficie alcóntrase sulcada en varias direcións por muros e arribadas que separan os eidos, compréndese doadamente, que nun lugar de tal manei-



están edificadas a eirexa parroquial e as más das casas do lugar da Vila. Pol-o leste e suleste corta a parte baixa das fortificacións a estrada provincial de Bande a Entrimo, que ten alí chantada a pedra indicadora do kilómetro 10 (Lámina III).

ra traballado pol a man do home non sexa fácil dexergar con esactitude as antigas fórtificacions.

O alto do coto aparece aplainado, facendo unha estesa plataforma, cortada de norte a sul por un pequeno terrapren semicircular




O horizonte do castro queda limitado ó norte, noroeste e oeste pol-a Cabreira, ó nordeste pol-o monte das Motas e ó leste e suleste pol-o monte do Viso. Cara o sul oeste o descer do val do Avedela permite avistar a cunca do Limia e as serras que fan a raia con Portugal.

caindo despois o monte en terrazas escalonadas por toda a volta, deica rematar nas pinas ladeiras que baixan ó Avedela por un lado e nas casas do lugar da Vila pol o outro. Istanas terrazas son, como é natural, más numerosas nas bandas careadas pro río, adianzándose no leste unha de elas ó xeito de ba-

luarte moi pronunciado. No suleste e a beira mesmo da marxe esquerda da estrada, vense craramente os restos de dous fosos paralelos e contiguos, que quizais se continuaran pol a canella do lugar da Vila que sirve oxe de camiño pra chegar a cirexa parroquial, pare-

terraprens artificiales ben determinados e a cativa estensión dos fosos conservados non deixan precisar con exactitude as áreas contadas. Incluindo nos eixes a plataforma terminal e as terrazas circundantes tiranse as medidas seguintes:



cendo apoiar iste suposto non soio a dirección congruente dos fosos e do camiño, se non tamen o ser o sitio onde se asenta aquil caseirío o de millor acceso a acrópole e polo tanto o más necesitado de protección.

*Mensuras.*—A ausenza de parapetos e de

Do norte ó sul . . . . .	392 metros
Do leste ó oeste . . . . .	397 metros

Conven advertir que n-iste derradeiro eixe vai comprendida a lonxitude do baluarte que atrás mencionamos, máis ainda que se teña en conta ista circunstancia, resulta que o Coto

da Vila é, polas suas mensuras, un dos castros más notábeles, dos deica agora catalogados en Galicia.

*Observacións.*—Non se alcontran en ningún recanto da superficie da acrópole alicerces de casarellas nin outros vestixios de antigas construcións de pedra, non sabéndose tampouco se algúns dos terraprens que determinan as terrazas e a plataforma do cumo, presenta revestimentos de cachote.

Na tona da terra recollimos varios roxóns de fundición de ferro e ó desabregar certos eidos atopáronse pedras de muiños de man de forma circular. Ó facer unha escavación na sacristía da eirexa parroquial apareceu un martelo de pedra seixenta de 279 milímetros de longo, provido de unha garga que o abraza pol o centro e de un burato na cara inferior destinado a afianzar o pau do mangaxe que iría preso na garga cunha baraza ou cordel (figura 3).




FIGURA 3

Martelo de pedra seixenta do Coto da Vila

A eirexa parroquial, apesar de ser unha obra barroca está orientada, denunciando isto feito a existencia no mesmo sesego de unha fábrica anterior.

*Folk-lore.*—O de iste castro ten a particularidade de localizárese en currunchos sinalados con exactitude e que se emprazan pol o xeral nas ladeiras do monte e ainda na mesma beira do río, sendo posíbel achármelos en presenza de un fenómeno de traslación topográfica, motivado pola necesidade de levar os mouros a sitios senlleiros e un tanto retirados da habitación dos homes.

Conta Vicente Ximénez, de 15 anos e veciño de Facós.

«Nunhas penedas que hai na ladeira do poente do castro e que chaman a Labugueira, vive unha moura e pol a noite ouvese o ruido que fai co tear cando está a tecer».

«Ainda hai poucos anos que apareceu por ali unha grande fantasma branca».

\* \* \*

De boca de outros informadores recollimos as lendas que imos transcribir.

«Di a xente que a Vila estivo noutro tempo cercada de murallas e que era praza moi forte».

\* \* \*

«Ó pe do coto, nuns lameiros que lle chaman a Madanela, din que se atoparon lumeiras de casas».

«Aseguran outros que houbo ali unha hermita adicada a Santa Madanela, cuia imaxe, xuntamente con outra de San Xohan gardanse oxe na capela de Sant Yago de Facós».

\* \* \*

Pol-a parte de baixo do coto e nun outeiro que lle chaman do Crasto, perto xa do río hai unha peneda que ten tesouro e onde vive unha moura que vai por veces a asoellar».

«Cerca de iste sitio alcóntrase unha pedra grande que foi unha casa dos mouros».

\* \* \*

«Nas penedias que hai onde a ponte Avela, por baixo do coto, hai unha cidade moura e ainda se sinte falar e tecer dentro».

«Nalgúnha ocasión ó pasar xente ten saído unha moura que baixa ó río recolle auga nun caneco e lévalla pra beberen. Logo que beberon vóivese meter deseguida nas penedas».

«Tamén eiquí hai tesouro. Pra buscal o foron tres veciños de Facós e puxeron un barreno, mais non atoparon res».


(Catalogado por Xurxo Lorenzo e Florentino López Cuevillas.)

## Número V

## A COROA, DE SAN XÉS

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lobeira e parroquia de S. Xés.

Aparece costruido o castro nun espolón situado no comenzo da costa da serra da Cabreira, na marxe dereita do río Avedela que o contornea pol-o leste, suleste e sul e dando case frente ós deballos occidentantes do coto da Vila. Entre o río e a acropole pasa




a estrada de Bande a Entrimo nos kilómetros de 11 a 12 e no lado do norte desce a corga fonda de unha regata.

Dende o alto da Coroa o ollar tropeza pol-o suloeste, oeste e noroeste co comenzo da serra da Cabreira e no leste e norleste cas ladeiras do coto da Vila deixa o seu remate por baixo de Facós, pechando o horizonte o monte do Viso. Cara ó sul e sul-este divisase o descenso do Avedela e a focha da cunca do Limia, e no fondo os cumes das serras de Fontefría, Nevosa e Xurés.


*Defensas.*—Constan as de iste castro de unha plataforma circular, perfectamente achairada e que se destiña oxe ó cultivo do centeo; de un terraplén de 15 a 30 metros de alto, coberto por debesa de carballizos, e cuio revestimento de cachote faise ainda visíbele en certos lugares e de un foso medio colmado, mais que se dexerga nido nas bandas do norleste e do suleste.

Iste foso desparece por completo no lado occidental, que é por onde o espolón úñese á



serra, debéndose de seguro o seu derrube á circunstancia de ser tal sitio o de acceso mais doadio, tendo estabrecido ali o servizo dos eidos precurados que ocupan a plataforma do remate.

Pertence iste castro pol-o arranxo das suas obras defensivas a



un tipo moi común en Galicia, sendo de notar a escolla abelenciosa do emprazamento,

protexido a tres ventos pol-as pinas e altas ladeiras que caen sobre o Avedela e a corga afluente, e pol-o curso de aquil río, que lle sirve de escelente foso natural.

*Mensuras.*—Mede a plataforma terminal, que como dixemos ten feitura tendente ó circo

Do norte ó sul . . . . .	65 metros
Do leste ó oeste. . . . .	67 metros

*Observacións.*—Na tona da terra labrada

do recinto central, recollimos abondosos roxóns de fundición de ferro. Asegún nos manifestaron téñense posto ó descoberto no trascurso dos traballos agrícolas, muradelas atuadas, que quizais sexan alicerces de casarellas.

*Folk-lore.*—Non poidemos acadaí ningún.

*Bibliografía.*—Inédito.


(Catalogada por Xoquin e Xurxo Lorenzo).

## Número VI

### O CRASTELO

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lóvios e parroquia de San Mamede de Grou.


sudeste flanquea o outeiro unha corga de fortes ladeiras por cuio fondo decorre a regata de Grou.



Ocupa un outeiro en espolón, perto xa dos lombos terminaes da Cabreira e a uns 900 metros sobre a xorfa do mar. Pol-o leste e

A peisaxe que se albisca dende o Crastelo e moi ampria. No norte, norleste, oeste e noroeste quedan os debalos da serra da Ca-

breira. No sul-sueste e por baixo da acropole vese en primeiro término o monte e capela de San Bieito de Grou. Despois pol-o sul-este, sul e sueste domease o val do río Pacín, as penedias dos Castelos de Grou e dos Castelos de Entrimo e o val de Lovios, pechando a perspectiva as soás do Quinxo, da Santa Eufemia, da Nevosa, da Portela do



Home e dos Cornos de Fontefría. Pol-o leste vese case toda a larganza do val do Avedella, mais lonxe o lixo de neboa da lagoa Antela e o val do alto Limia e no cabo do horizonte asoman os picos da Aguioncha e da serra do Larouco.

*Defensas.*—Dexérgase tan soio no remate do outeiro unha pequena plataforma arrodeada por un terrapré de 3 a 10 metros de alto desfeito nalgúns sitios polos canteiros que ali teñen arrigado pedra. Por baixo de iste terrapré, que non sabemos se é natural ou artificial, ábrese unha especie de terraza, visíbelle en todalas bandas, agás na do sul, na que a plataforma superior morre nas abas do outeiro, pouco pronunciadas no norte, noroeste e oeste, onde se fai a xuntanza do espolón ca serra e que pol-o contrario son moi altas e pinas no resto da volta e de maneira especial na caída sobre a regata de Grou que forma unha barranca de mais de 70 metros de alto. Na zona en que o outeiro úñese a serra non eisisten vestixios de ningunha caste de fortificacións.


*Mensuras.*—Abranguendo nos dous eixes a plataforma terminal e a terraza que a circunda mede a área coutada

Do norte ó sul . . . . .	49 metros
Do leste ó oeste . . . . .	75 metros

*Observacións.*—A cima do Crastelo aparece ocupada por unha penedia de grá, medio esborrallada polos traballos dos pedreiros. Eisamiamos de vagar toda a superficie do castro sen atopar nenhum de intrés arqueolóxico.

Imediatos a acropole e estendéndose bastante pola serra, corren uns valados de pedra, feitos con laxes chantadas verticalmente, que sosteñen entre elas cachotes pequenos postos en sentido horizontal. A estas vedacions, que van indicadas no croquis cunha liña de trazos grosos e que non hai lembranza de que houberan separado nunca eidos ou predios, por seren aquiles terreos comunales, chámalle a xente, *as tapadas dos mouros*.

*Folklore.*—Non poidemos acadar ningún.



*Bibliografía.*—Inédito.


(Catalogado por Xurxo Lorenzo e Florentino López Cuevillas).

## Número VII

## O COTO DE SAN ADRAO

*Emprazamento.*—Na provincia de Ourense, alcaldía de Lobeira e parroquia de Cabaleiros.


Situado n-un dos escalóns que fai o monte do Viso ó descer cara a confluencia do Ave-



dela co Limia. Pol-o norleste lígase iste escalón ó resto do macizo montesio de que forma parte e pol-o sul oeste axúntase á baixada en escadeira que vai morrer no punto de unión de aquiles dous ríos, que flanquean

O hourizonte do castro é dilatado e fermoso. Pol-o norte avistase o val do Avedela, deica ó seu nacemento. Pol o norleste mirase o descer do monte do Viso. Pol-o leste, suleste e sul quedan en primeiro término as fervenzas das Cunchas do Limia, logo o val de iste río e no fondo os Cornos de Fontefría, a Nevesa e o Xurés. Pol-o sul oeste a focha do Limia, a Portela do Home e a serra de Santa Eufemia e pol o oeste e noroeste a corrente do Avedela, a freguesia de Grou, ca capela de San Bieito no alto, e mais por riba ainda a Cabreira e os lombos ermos da Montaña.

*Defensas.*—Ocupa o centro do castro un outeiro (Lámina IV), que aparece rematado por unha pequena plataforma, cuias ladeiras, altas de 10 a 22 metros caen sobre de unha estreita terraza que se alonga pol-o




o coto cas suas correntes, quedando pol-a banda do ocaso a do Avedela e pol-o sul e suleste a do Limia. A estrada de Ourense a Portugal corre paralela a iste por baixo mesmo do coto.

sul oeste con costa pouco pronunciada deica morrer n-unha especie de terrapré de 10 metros de altura.

A fortaleza natural do emprazamento, protexida a tres ventos pol-as ladeiras verdadei-

ramente formidables que se precipitan cara os cursos do Avedela e do Limia, escrufa



case a execución de obras defensivas, agás pol-o lado do suloeste onde a continuación da baixada do monte deixa a confluencia de aquiles ríos estabrencia un acceso practicable, e sobre todo pol o lado do norleste, que é o que fai a unión do coto co monte do Viso. No primeiro de aquiles lugares xa dixemos que eisiste un terrapré de 10 metros de alto, que xuzgamos feito pol a man do home, e que quizais presente revestimento de cachote, e no segundo percibense os vestixios de un foso, aberto en parte na peneda.

*Mensuras.*—A ausenza de parapetos e de terrapréns que cingan por todo a volta o castro, non permiten determinar con exactitude a área cotada. Pódense dar así e todo como aprosimadas as medidas seguintes:

Do norte ó sul . . . 39 metros  
Do leste ó oeste . . . 49 metros

No eixe do norleste pro suloeste, comprendido entre o terrapré e a liña do foso, a sua lonxitude alóngase ós 75 metros.

*Observacións.* Na superficie do castro atópanse esparexidas algunas pedras que semellan ter formado parte de casopas. Aparecen asimismo tellóns romanos e cerámicas castrexas lisas. De ambas cousas fixemos unha regular colleita.

A 200 metros do comienzo das ladeiras da acropole e pol a banda do norleste, afroran na terra os cabos de unhas laxas chantadas verticalmente e dispostas a xeito pra formaren tres elipsoides de diferente tamaño, metidos uns n outros de mōr a menor e con unión tanxencial n-un soio punto (figura IV). A escavación de ista caste particular de megalito, que pra xente non é outra cousa que as ruiñas da ermida do San Adiao,




FIGURA 4 (a)  
que asegúrnese di érguese por ali perto, non  
(Continuaráse)

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## O CABREIRO

E o encargado de coidar d'a rés (cabras y'ovellas).

Axústase por un ano o día pirmeiro d'abril: A paga que recebe e: 1.º Ás «Fiarazas» (de condición) constan d'un capote de xerga y'unhas abarcas, ou unhos zocos; ou tamén poide ser un sombreiro d'os que lle dín bastardo. En vés do capote, se chegaban esácordo, dabánll' «o guecho», ou sexa, lan pra faguelo.

2.º O estoxo. Certa cantidad en diñeiro que denantes non rubía de catro centos reás.

Empeza muxir (o leite e pra comer il y'o costeiro) o día tres de Maio (o día de Santa Cruz). Dia en que tamén empez'a a sestear: O dia 11 de Novembre ten que deixar de muxir.

Cada veciño, aparte de por pr'a soldada o que lle perteneza, está n'a obrigación de, por cada dez rixelos que mand'o cabreiro, manter un dia, éste y'os cás; y'además man-

dar unha persoa que ll'axud'a gardar, e se pasa d'oito centos rixelos, duas o pirmeiro, chámase costeiro, o segundo, recosteiro.

Cand'hai catro rixelos a mōr d'o dia (10 cabezas); cada tres rondas, andas'un dia máis; se són douis ou tres rixelos, no máio, non siñifican pr'a garda.

O cabreiro tamén ten direito a térra hastra vinte rixelos seus.

Está tamén n'a obrigación de dormir, compañado d'os mozos) fora d'aldeia, a noite de San Xoán.

A conta d'a res que cada veciño ten lévase n'un caxato escadrado que se chama talla. Un dia (10 cabezas) represéntase por uuha raia que coll'unha cara enteira d'o pau; meia raia, cinco rixelos. N'outra cara d'o pau, anótanse os rixelos qu'ai a mais de días compertos, facendo raias pequenas. Unha raia que daya volt'o caxato separ'a rés de cada veciño.

LAUREANO PRIETO

## O QUE SE DÍ D'ALGUS ANIMAES EN MONTERROSO

(Proseguimento)

O mel é que ten más apricazóns entr'o que produce a abella. Dín c'o chupan das frores e que dimpois ó gomitan o chegar á colmea. Usano pra coíner, e dánllelo especialmente ás persoas anémicas; utilizase pra pomadas, qu'aprican as gorxas ós que padecen das anginias; as mozas bótano á faciana porque din que non hai millor crema; untan coil os curtizos porque así seica paran millor as abellas; mezcrada con té s'empresa contr'os catarros; pras negras, a maneira d'engüento; fai madurar os abscesos pequenos d'estómago; mezcrada con auga e fervendo ista mezcla é un viño especial, considerandoa por eiquí os labregos com'a un líquido milagroso.

### VII. — O SAPO

Soilo vou decir duas ou tres verbas acaron d'iste animal, que goza entr'estas xentes de pouca sona, xa sexa porqu'o teñen com'a moi venenoso, ou porqu'eo consideran nocivo a

agricultura. Por eiquí tens'a precaución de non chegarse moito a il, por temore a que lles bote unhos mexos, que son venenosos, e que fan cegar o qu'os reciba, o tempo qu'emborracha os outros animaes; o sapo soilo ten ista arma de defensa.

En certa ocasión unha rá díolle o sapo: «¡casar, casar!»; io sapo contestoulle: «¡io pan, io pan!» Tamén se dí por'eiquí qu'a topia vendeulle os ollos o sapo, pol o rabo, porque dinantes o sapo tiña rabo, ia topia ollos, por iso a topia anda sempre desorientada, facendo sempre buracos o tím-tím pra escapar dos seus enemigos. A casa das topias teñen, a veces, hastra centos de metros, e no sitio en donde acampa pra criar e dormir, está feita de terra moi fina, que estendida pol a leira e boa pr'algunhas herbas; o seu lar e sen dúbida unha obra maravilosa, está a profundidá d'un metro, aporsimadamente, io pe d'un canto, ou entr'as raices d'un arbre, pol-o ouxeto de darlle protección no caso de

desmoronamento; a cama é de musgo e de herbas secas, tendo destintas salidas pra poder escápar cando haxa perigro.

Pra pillas topias utilizase un trebello, ou un can, porque son un mal pra todalas leiras e prados, polas topeiras que fan nelas.

Pero volvendo o sapo, cóntase que lle disputou o zorro unha carreira; dimpois de discutir un gran cacho, salé o sapo a tod'a me-

cha e colgase ó sapo o rabo d'il, io chegar o lugar siñalado, revólvese o zorro e di: ti vés hom!, io sapo dille: xa fai un cacho qu'es-tou eiquí, ganando a apostia.

Ó sapo góstalle andar mainiñamente, porque seica ha espriencia llo dixo. Quixo saltar unha vez un rego apresa pero mancouse na barriga e dixo: «os apuros non són bós», sentenza qu'a aproban hasta os xastres...

## ALGUNHAS PRANTAS MEDICINAES QUE S'EMPREAN POR EIQUÍ

### I.—A ORTIGA

*A ortiga*, d'aspero trato, é a más desprecia-dada de tod'as prantas. Pero non por iso deixan de darlle o seu valor; as ortigas, unha vez desecadas, e tomadas en forma de cocimento, curan as «congestiós» do peito e desembarazan o estómago de materiaes deteñidos moito tempo, dándolle saída principalmente pola orina. As raíces d'a ortiga son más eficaces cas mesmas follas, ben s'empreen no vran, cando están verdes, ben sexa cando están secas no inverno. Un cocimento d'istas, pode curar hasta un principio de «hidropesia», ié xeral, libra o orgaísmo de malos «jugos». Cando é que se ten a sangue alteirada ou corrumpida seica é un bó remedio comer cocidas ortigas. Tamén s'emprean contra o «reumatismo» coidando de dar unhas fregas con ilas no sitio donde se padeza a enfermedá. O medo que pode inspirar iste lático, será sustituido moi preto co pracer da melloría.

### II.—A CASCA DE CARBALLO

A corteza de carballo novo, metida en auga fervendo unha media hora, dá un cocimento que cura, posto á modo d'emprasto, os henchizos nas papeiras, cando ainda non están moi desarrollás. Tamén s'emprea con moita sona, metendo un pedazo d'un xénero de liño na cazola donde se garda iste cocimento e poñendo no pescozo, pra cando iste está hinchado.

Os que sofren do «recto» deben tomar baños d'iste cocimento, empreándose tamén pra iste ouxeto lavativas d'él, pero que sexa un pouco máis craro. As enfermedás do cù, cúranse da mesma maneira, como tamén os

tumores duros. En resúme, ten unha acción benifiosa sobr'orgaísmo, sirvindo tamén pros curtidos.

### III—A MALVA (ALTHOEAE ROSEA L.)

A malva é das prantas más medicináes. Empréase con moito éxito, pra dar lavativas ás mulleres dende que dan á luz, pra curalar as feridas, pra reventallos furunchos. A infusión da flor da malva, sobre todo a negra, cura as afeuciós da garganta e do peito; as malvas sirven, ademais, para perparar inhalaciós en vafos, que s'aprican os oídos.

Tamén hai outra cras de malva, chamada malvela, que además de ter as apricaciós da malva, utilizase pros doores de barriga e d'estómago, e pra outras enfermedás, habendo quen as traе apegadas ao peito pra que lles cure o mal do «flato».

### IV.—A FRESA

Ainda que hai poucas por eiquí, convén dar unhas verbas á carón d'elas. Hai quen as come con pan no vran, pra que lles devolva as forzas; curan o mal da pedra coméndoas diariamente en proporciós igoales; tamén se emprean as follas do fresal, cando están secas, meténdoas n'unha cazola que conteña certa cantidá d'auga fervendo; ao cabo d'uns 15 minutos sácase do lume, obténdose así un líquido puro de fresa; mézcalo c'un pouco de leite quente e azucré e veleiquí unha bebida moi agradabre, empreada por eiquí. As fresas tamén se recomandan, sobre todo aos conválecentes, que de resultas d'unha enfermedade grave, alcóntranse moi débeles, con grande perda de forzas.

AMADEO VARELA RODRÍGUEZ



A hixiene nos nenos  
é a garantía da sua saúde física e  
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o  
**"Jabón Sales de la Toja"**,  
único que ás suas altas calidades  
meiciñas xunta toda a finura e pre-  
fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-  
enrolo das criaturas e evi-  
ta o perigo da escrófula e  
o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**

1 pta  
PASTILLA



HELLOS

O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRAVADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posíbres, convenlle envialos aos  
Talleres de fotografiado **ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO